

# CONCURSO DE PINTURA MURAL / GRAFFITI 'QUEN DIXO MEDO?' 2017.

## 1. OBXECTO.

No marco da Campaña de sensibilización contra a violencia de xénero “QUEN DIXO MEDO?” impulsada pola Deputación da Coruña, con motivo da conmemoración do 25 de Novembro “Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller”, preséntase o concurso de “PINTURA MURAL / GRAFFITI QDM?”.

Resulta fundamental comprender que a violencia é un problema que afecta o conxunto da sociedade. Ante esta situación, o medo non pode ser unha opción; debemos actuar contra ela.

O obxecto do presente concurso consiste en empregar a pintura mural para xerar espazos que conviden á reflexión á poboación, de xeito que se muden mentalidades a través da xeración de mensaxes e imaxes claras de loita contra a violencia machista.

## 2. PARTICIPANTES.

Poderán participar todas as persoas interesadas maiores de 16 anos, individualmente ou en grupos de non máis de 4 persoas, pertencentes aos Concellos da Provincia da Coruña que participan na campaña “QUEN DIXO MEDO?”. Pódense consultar a relación de Concellos participantes no Anexo I destas bases.

No caso de se presentaren en grupo, computarán como un/unha único/a participante.

No caso de seren menores de idade, deberán acompañar unha autorización do seu proxenitor, proxenitora ou titor/a legal para a súa participación no concurso.

Cada participante/s, só poderá presentar un bosquexo orixinal e inédito, **non premiado con anterioridade.**

## 3. TEMÁTICA.

QUEN DIXO **MEDO?**

A temática sobre a que versarán os traballos presentados será a sensibilización e a loita contra a violencia de xénero, quedando excluídos aqueles que conteñan contidos obscenos, violentos, xenófobos ou calquera outro que atente contra a dignidade das persoas.

#### **4. FORMATO.**

A técnica será libre.

O bosquejo será enviado en formato PDF, tamaño DIN A4, a cor. Deberase incluír tamén un pequeno texto explicativo sobre as motivacións para a realización do deseño presentado e a súa relación coa temática do concurso, así como unha listaxe dos requisitos técnicos e materiais precisos para o seu desenvolvemento (sprays, luvas, máscaras...) que, en todo caso, non excederán os 150 euros e serán achegados pola organización.

A obra seleccionada realizarase nun lugar determinado con anterioridade, cunhas dimensións aproximadas de 200x300cm, nun soporte liso e con imprimación previa en branco.

O idioma que se empregará para a súa realización será o galego.

#### **5. REALIZACIÓN DO MURAL.**

- O mural efectuarase no Concello da/o participante que resulte gañador/a. Será, por tanto, o Concello o responsable de ceder un espazo apto para tal efecto, No caso de resultar imposible, a organización facilitará un lugar alternativo.
- Será responsabilidade da/do participante:
  - Executar en torno ao 25 de Novembro a pintura mural na localización, data e horario establecidos e anunciados pola organización con suficiente antelación a través da páxina web [www.quendixomedo.gal](http://www.quendixomedo.gal)
  - Manter limpo o lugar onde se realice o traballo.
  - As e os participantes comprométense a que o mural a realizar corresponda co deseño presentado e seleccionado a tal efecto.

## 6. PREMIO.

O/ A gañador/a do presente concurso recibirá un IPOD TOUCH de 32 GB.

Ademais, realizará o seu graffiti nun espazo público habilitado para tal fin, e a súa obra será gravada e fotografada para posteriormente ser difundida nas páxinas web [www.quendixomedeo.gal](http://www.quendixomedeo.gal) e [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

A Deputación resérvase o dereito de facer uso das obras, o que implica a cesión dos dereitos de autor/a para que a institución poida empregalas en calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da sensibilización e a loita contra a violencia de xénero.

## 7. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN.

*Prazo:* O prazo de admisión de deseños para o concurso será do día 14 de novembro até o 24 de novembro, ambos incluídos.

*Forma de presentación:* Os traballos enviaranse a través do correo electrónico ao enderezo [info@quendixomedeo.gal](mailto:info@quendixomedeo.gal), acompañados da folia de aceptación dos compromisos e autorización de datos de carácter persoal cos datos requiridos que se poderán descargar no enderezo [www.quendixomedeo.gal](http://www.quendixomedeo.gal) a partir do día 7 de novembro.

## 8. COMPOSICIÓN DO XURADO.

O xurado responsable da selección do deseño gañador estará formado por persoal do servizo de acción social, cultura e deportes da Deputación da Coruña, polo persoal técnico a cargo do desenvolvemento do proxecto, así como por persoal específico do eido do deseño.

A Deputación resérvase o dereito de modificar as condicións en calquera momento; incluso pode chegar a anulalo ou deixalo deserto, sempre que concorra causa xustificada. En todo caso, comprométese a comunicalo pola mesma vía.

Do mesmo xeito, o xurado poderá declarar deserto o premio.

## 9. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

QUEN DIXO **MEDO?**

- Relación coa temática proposta. Até 5 puntos.
- Labor de sensibilización e concienciación en relación coa temática. Até 10 puntos.
- Calidade artística. Até 5 puntos
- Orixinalidade e creatividade. Até 5 puntos.

## **10. ENTREGA DE PREMIOS.**

A concesión do premio darase a coñecer a través da páxina web da Deputación e da páxina [www.quendixomedeo.gal](http://www.quendixomedeo.gal)

A entrega de premios celebrárase baixo as directrices da Deputación e avisarase a persoa gañadora cunha semana de antelación.

## **11. NORMAS SUPLETORIAS.**

Non se devolverán os traballos presentados e non premiados. A partir do día seguinte á concesión por parte do xurado dos traballos premiados, os outros poderán ser destruídos.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

## FOLLA DE ACEPTACIÓN DOS COMPROMISOS DA CONVOCATORIA CONCURSO “PINTURA MURAL / FGRAFFITI QDM?” 2017.

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE			
Nome e apelidos		Data de nacemento:	
Enderezo			
Localidade		Concello:	Código Postal:
Teléfono		Email:	NIF/NIE:

Outros datos:

Achégase fotocopia do DNI ou pasaporte

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases polas que se lle ceden os dereitos á Deputación da Coruña para que esta poida empregar o traballo en calquera campaña de sensibilización e información das actividades da institución relacionadas co fomento da sensibilización e a loita contra a violencia de xénero.

Lugar e data \_\_\_\_\_

(Sinatura da persoa participante)

QUEEN DIXO **MEDO?**

**Autorización para a publicación dos datos persoais\* e cesión de imaxe** das persoas participantes no concurso “PINTURA MURAL / GRAFFITI QDM?”, actividade desenvolvida no marco da conmemoración do 25 de novembro 2017, Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller.

Don/Dona.....  
con DNI/NIE ..... autorizo a Deputación da Coruña para empregar os datos de carácter persoal e/ou imaxes para fins de difusión e publicidade que se considere conveniente no marco do fomento da sensibilización e a loita contra a violencia de xénero.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2017

Asinado,

\*Segundo o disposto no artigo 18 da Constitución, Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe, e a Lei 15/1999, do 13 de decembro, sobre a protección de datos de carácter persoal.

*\* Este documento engadirase ao correo electrónico en que se envíe o deseño .*

---

## No caso de menores de idade.

**Autorización para a publicación dos datos persoais\* e cesión de imaxe** das persoas participantes menores de idade no concurso “PINTURA MURAL / GRAFFITI QDM?”, actividade desenvolvida no marco da conmemoración do 25 de novembro 2017, Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller.

Don/Dona.....  
con DNI/NIE ..... como pai/nai ou titor/a do/a menor  
..... autorizo a Deputación da Coruña para empregar os datos de carácter persoal e/ou imaxes para fins de difusión e publicidade que se considere conveniente no marco do fomento da sensibilización e a loita contra a violencia de xénero.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2017

Asinado,  
(pai/nai/titor/a legal)

\*Segundo o disposto no artigo 18 da Constitución, Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe, e a Lei 15/1999, do 13 de decembro, sobre a protección de datos de carácter persoal.

*\* Este documento engadirase ao correo electrónico no que se envíe o deseño.*

QUEM DIXO **MEDO?**

## Anexo I

### Listado de Concellos participantes na campaña QUEN DIXO MEDO?

CARIÑO	DUMBRÍA
ORTIGUEIRA	A POBRA
PORTO DO SON	BOIRO
NOIA	RIANXO
MUROS	BETANZOS
CARNOTA	CURTIS
AS PONTES	MIÑO
PONTEDEUME	MALPICA
ORDES	PONTECESO
CERCEDA	CEDEIRA
VIMIANZO	SAN SADURNIÑO
ZAS	FENE
NEGREIRA	BRIÓN
A BAÑA	TEO
SADA	VAL DO DUBRA
CARRAL	SANTA COMBA
ABEGONDO	MELIDE
PADRÓN	TOQUES
CEE	ARZÚA
MUXÍA	TOURO

QUEN DIXO **MEDO?**